



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

CASA DA ROSALÍA

A pegada das Américas



Localización

Coordenadas 41.975824, -8.761428

Tipo de ben: vivenda

Concello: Tomiño

Parroquia: Estás

Lugar: Igrexa

Cronoloxía: 1913

Construtor: descoñecido

Promotor: Rosalía Pérez

Propiedade: privada

Uso actual: habitada

Estado de conservación: bo. Reformado

Comentario e descrición

Vivenda unifamiliar de planta rectangular e tellado a dúas augas. Estrutúrase en dúas plantas máis bufarda perfectamente diferenciadas ao exterior grazas as liñas de imposta. Os muros realizados en cachotería están recibidos e pintados en vermello, agás na parte inferior na que queda ao descuberto a cachotería, seguramente froito dunha intervención posterior xunto coa colocación dos balcóns pechados que se ven na fachada menor que da á praza da igrexa ou a modificación dalgúns dos vans exteriores. Características propias da arquitectura indiana, aparte da utilización da cor, son os reforzos pétreos das esquinas mediante perpiaños e as molduras que resaltan perimetralmente os vans. O propietario emigrou a Brasil.

Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: EST-06

Tomino
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA